



## CONCERTOS

Campo de Arriba, 22:00 h

**30/07** EMR Big Band

**31/07** Simón García Quartet

**01/08** Marcel Pascual Quinteto

**02/08** The Sar Swing Quintet

## ACTIVIDADES PARALELAS

2 de xullo, 20:00 h

Jam Session aberta

Organiza pola Escola de Música de Rianxo

Cuartel Vello, 26-30 xullo

Monográfico baile swing

inscrición previa. Véxase cartel específico

Mes de xullo

Curso de Big Band

Sede da Escola de Música de Rianxo



**EM  
BIG  
BAND  
30/07  
22:00**

As Noites de Jazz ábrese tradicionalmente cunha agrupación derivada da acción formativa que, como actividade paralela, o Festival coorganiza xunto coa Escola de Música de Rianxo. Unha aposta pola formación, centrada desde hai uns anos na fórmula Big Band, que pretende poñer en valor a educación dos novos intérpretes así como facilitar, xeralmente no caso dos máis novos, unhas primeiras experiencias concertísticas no mundo do Jazz. A formación deste 2024 está formada por preto de 20 músicos, dos que sete son mulleres -a aposta pola presenza feminina na música Jazz é un dos obxectivos do Festival- baixo a dirección de Alfredo Susavila e Bernal Muíños, e no seu repertorio, ademais de diversos estándares, destaca o tema "Muxica", composto por un dos alumnos, Luís Rodríguez Rivas, e que será estreado neste primeiro día de Festival.

## SIMÓN GARCÍA QUARTET

**31/07**

**22:00**



Simón García (Mugardos, 1977) é un contrabaixista e compositor ecléctico que, no mundo do jazz, traballou con artistas como Paquito D´Rivera, George Coleman (saxofonista do quinteto de Miles Davis), Perico Sambeat, Abe Rábade ou Daniel García, por citar só algúns. Contrabaixista do Nani García Trío, membro de Fillojazz e contrabaixista do Quinteto Cimarrón, co seu propio proxecto, BASSICALLY, traballou con artistas como Pablo Martín-Caminero, Kristin Korb, Mario Rossy, Masa Kamaguchi ou Adam Booker. BASSICALLY é unha selección de pezas jazzísticas orixinalmente escritas para ensamble de contrabaixos transcritas polo propio García para cuarteto de saxo, piano, contrabaixo e batería. Acompañano no seu cuarteto os grandes músicos Pablo Añón (Saxo), Iago Mourinho (Piano) e Miguel Cabana (Batería).



## MARCEL PASCUAL QUINTETO

**01/08**

**22:00**

*Fluctuaciones* baséase integramente en música orixinal, plasmada con intensidade e virtuosismo polo dinamismo dos seus músicos. O jazz aparece evidentemente como principal referente, pero tamén o funk, o latín, o flamenco, ou o rock-progresivo acaban aparecendo dun xeito ou doutro, fluctuando entre sons e sensacións dentro dunha mesma corrente musical. Despois dun intenso traballo en Portugal dende 2013 e do lanzamento do disco *Portanto* (FreeCode Jazz Records) en 2015, o vibrafonista barcelonés residente en Galicia, Marcel Pascual, presenta un renovado quinteto formado por músicos polifacéticos e experimentados do panorama jazzístico galego: Diego Alonso ao saxo tenor, Martín Otero ao piano, Alfonso Calvo ao contrabaixo e Miguel Cabana á batería, dando inicio ao novo proxecto, coa publicación do disco homónimo a finais de 2022 (Tiny Moon Records).

## THE SAR SWING QUINTET

**02/08**

**22:00**



*The Sar Swing Quintet* nace en 2018, no barrio de Sar, de Compostela, cando Iván Arceo e Javi Panea cadran bailando Lindy Hop. Deciden xuntarse e preparar uns temas ás guitarras para que os participantes nas clases de baile puideran ter música en directo. O proxecto da Medra e únenselles María Arceo, á voz, e Prisco Marcos, á percusión, nacendo "The Sar Swing Quartet", que debuta no 2019 nun evento organizado por Compostela Swing. Neste mesmo ano, ante a pegada da banda, incorporárase ao proxecto o quinto membro: Antón "Torroncho", no contrabaixo. Nace así "The Sar Swing Quintet". Entre 2019 e 2020 sucédense os concertos e convértese en banda residente da Sala Riquela de Compostela, chegando a tocar no local do Celta de Vigo para máis de 400 bailaríns de toda Galicia. No 2020, tras a pandemia e por motivos de traballo, Javier Panea abandona a banda e incorporase no seu posto Xabier Nodar, dando lugar á formación actual.

# Noites de Jazz Festival

Rianxo, 30 xullo a 2 agosto 2024

Campo de Arriba